

Servizos Centrais

XERENCIA MUNICIPAL DE  
URBANISMO

CONCELLO  
DE VIGO



Expte 16598/407

## RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DO PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE NA EXECUCIÓN DO PRTR

Con data 12.04.2024, pola técnica de Administración Xeral e o xefe dos Servizos Centrais, co conforme do xerente da Xerencia Municipal de Urbanismo, asíñase informe-proposta co contido que a continuación se transcribe literalmente:

### "INFORME-PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE NA EXECUCIÓN DO PRTR

O Consello de Ministros en reunión de data 27.04.2021, aprobó o Plan de Recuperación, Transformación e Resilencia (en adiante PRTR), que define a estratexia española para canalizar os fondos proporcionados polo Regulamento (UE) 241/2021 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, pola que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resilencia, e destaca, como fin último das medidas contra o fraude e irregularidades, a prevención de riscos derivados da existencia duns recursos adicionais importantes que deben gastarse nun breve prazo.

A Orde do Ministerio de Facenda e Función Pública HFP/1030/2021, de 29 de setembro, configura o sistema de xestión do PRTR, que foi regulado por Real Decreto-lei 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aprobaron as medidas urxentes para a modernización da Administración e para a execución do dito Plan. A norma responde ao establecido no mencionado Regulamento e inclúe no seu ámbito de aplicación a todas as entidades do Sector Público de acordo co artigo 2.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e a calquer outro axente implicado na execución do PRTR como preceptores de fondos para protexer os intereses financeiros da UE, obrigando ás entidades decisoras e executoras a incorporar ao seu ámbito interno de xestión e control os principios de xestión específicos do citado PRTR, contidos na Orde.

Coa aprobación da Orde do Ministerio de Facenda e Función Pública HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interés nos procedementos que executa o PRTR, recollese a aplicación da disposición adicional centésima décima segunda da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2023 en relación coa análise sistemático de risco de conflito de interés baseado nunha ferramenta informática de data mining, con sede na Axencia Estatal de Administración Tributaria de España.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de xuño de 2023, declarase á Xerencia Municipal de Urbanismo como ente instrumental en relación co execución íntegra dos programas de axuda en materia de rehabilitación residencia e vivenda social do Plan de Recuperación, Transformación e Resilencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEu na Comunidade Autónoma de Galicia, recollendo, entre outras as seguintes obrigas para o organismo autónomo:

1) *Comprometerse, con cargo a la financiación recibida a tal fin, a realizar las acciones que se le asignen con la finalidad de ayudar a la entidad ejecutora a desarrollar las medidas contenidas en el Plan y, en concreto, a cumplir los hitos y objetivos asignados como parte de la Decisión de Ejecución del Consejo (objetivo CID 28, dentro del Componente 2, Inversión 01, en este caso).*

2) *Facilitar a la entidad ejecutora (Ayuntamiento de Vigo), toda la información de seguimiento que esta precise, y en particular, proporcionar la información que tendrá que suministrarse al sistema de información de gestión y seguimiento del PRTR conforme a lo dispuesto en la Orden HFP/1031/2021, de 29 de septiembre, y según se establezca en el manual de uso y funcionamiento del sistema de información, Manual de usuario*



Expte 16598/407

CoFFEE#MRR, disponible en la página web de la Secretaría General de Fondos Europeos.

3) Cumplir con todos los principios transversales del Mecanismo de Recuperación y Resiliencia de acuerdo con el Reglamento (UE) 2021/241 del Parlamento Europeo y del Consejo de 12 de febrero de 2021, y con los principios de gestión específicos de PRTR, previstos en el artículo 2 de la Orden HFP/1030/2021 de 29 de septiembre, en especial:

a) Seguimiento y acreditación de resultado a través de los hitos y objetivos predeterminados.

b) Etiquetado verde y etiquetado digital.

c) Análisis de riesgo en relación con posibles impactos negativos significativos en el medioambiente (DNSH), seguimiento y verificación de resultado sobre la evaluación inicial.

d) Refuerzo de mecanismos para la prevención, detección y corrección del fraude, de corrupción y los conflictos de intereses.

e) Compatibilidad del régimen de ayudas del Estado y prevención de la doble financiación.

f) Identificación del receptor final de los fondos, sea como beneficiario de las ayudas o adjudicatario de un contrato o subcontratista.

g) Información, comunicación, publicidad y conservación de la documentación.

4) En relación con apartado anterior (cumplimiento de los principios transversales), será de obligado cumplimiento por parte de la Gerencia Municipal de Urbanismo del Ayuntamiento de Vigo:

a) Deberá disponer de un Plan de medidas antifraude (sin perjuicio de la remisión, en lo que proceda, al Plan de medidas antifraude aprobado para el Ayuntamiento de Vigo, mediante acuerdo de la Junta de Gobierno Local de 11 de marzo de 2022, expediente 1185/441).

b) Deberá exigir las declaraciones previstas en el anexo IV de la Orden HFP/1030/2021 en relación con los siguientes temas:

- Ausencia de conflicto de intereses.

- Cesión y tratamiento de datos.

- Compromiso de cumplimiento de principios transversales.

c) Deberá realizar un proceso de auto evaluación que supondrá cumplimentar un test en relación con la consecución de los hitos y objetivos, daños ambientales, conflicto de intereses, prevención del fraude y de la corrupción, compatibilidad del régimen de ayudas, evitación de la doble financiación y con todos los aspectos determinados en la Orden HFP/1030/2021, de 29 de septiembre.

d) Deberá desarrollar las obligaciones definidas en el marco de la Orden HFP/55/2023 de 24 de enero, para el análisis sistemático del riesgo de conflicto de interés a través de la Plataforma MINERVA con sede en la Agencia Estatal de Administración Tributaria de España, para lo cual deberán designar el "responsable de operación", de conformidad con el artículo 4.2 de la citada orden.

5) Obligaciones en relación a la coordinación y seguimiento de las actuaciones de la condición de entidad Instrumental

a) La Gerencia Municipal de Urbanismo deberá proceder a designar la figura de un "gestor instrumental" como responsable del seguimiento y desarrollo de todos los procesos de gestión que garanticen las obligaciones derivadas de la condición de entidad instrumental.

e) Por parte del Ayuntamiento de Vigo como entidad ejecutora, y en el marco del PROGRAMA MUNICIPAL DE COORDINACIÓN, PLANIFICACIÓN, SEGUIMIENTO Y EVALUACIÓN DE LOS PROYECTOS FINANCIADOS CON FONDOS DEL



Expte 16598/407

*PRTRPROGRAMA NEXT GENERATION\_UE, se designa en la figura de la Coordinación técnica del Programa Municipal para los proyectos financiados con fondos del PRTR al Jefe del Área de Inversión del Ayuntamiento de Vigo, la coordinación y seguimiento de las actuaciones derivadas de este expediente”*

## II. Fundamentos de dereito.

### 1. Normativa de aplicación.

- Lei 7/1985 do 2 de abril de bases do réxime local
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, (BOP núm 193 do 6 de outubro de 2010)
- Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Acordo da Xunta de Goberno Local de data 14.06.2023 pola que se declara como ente instrumental, en relación coa execución íntegra dos programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

### 2. Necesidade de aprobación do Plan de Medidas Antifraude da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo

O artigo 6 da Orde HFP/1030/2021 recolle que :

*“Con la finalidad de dar cumplimiento a las obligaciones que el artículo 22 del Reglamento (UE) 241/2021 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 12 de febrero de 2021, impone a España en relación con la protección de los intereses financieros de la Unión como beneficiario de los fondos del MRR, toda entidad, decisora o ejecutora, que participe en la ejecución de las medidas del PRTR deberá disponer de un «Plan de medidas antifraude» que le permita garantizar y declarar que, en su respectivo ámbito de actuación, los fondos correspondientes se han utilizado de conformidad con las normas aplicables, en particular, en lo que se refiere a la prevención, detección y corrección del fraude, la corrupción y los conflictos de intereses.”*

A Xerencia Municipal de Urbanismo, como entidade instrumental das medidas do PRTR, revisa a súa estratexia de integridade e contra o fraude coa aprobación do “Plan de Medidas Antifraude para a execución do PRTR”, que se aproba en virtude desta Resolución.

### 3. Requisitos do Plan de medidas antifraude da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Recolle o artigo 6 da Orde HFP/1030/2021 os requisitos que debe satisfacer o Plan de medidas antifraude nos seguintes termos:

*“5. El «Plan de medidas antifraude» deberá cumplir los siguientes requerimientos mínimos:*

- a) Aprobación por la entidad decisora o ejecutora, en un plazo inferior a 90 días desde la entrada en vigor de la presente Orden o, en su caso, desde que se tenga conocimiento de la participación en la ejecución del PRTR.*
- b) Estructurar las medidas antifraude de manera proporcionada y en torno a los cuatro elementos clave del denominado «ciclo antifraude»: prevención, detección, corrección y persecución.*
- c) Prever la realización, por la entidad de que se trate, de una evaluación del riesgo, impacto y probabilidad de riesgo de fraude en los procesos clave de la ejecución del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia y su revisión periódica, bienal o anual según el riesgo de fraude y, en todo*



Expte 16598/407

*caso, cuando se haya detectado algún caso de fraude o haya cambios significativos en los procedimientos o en el personal.*

*d) Definir medidas preventivas adecuadas y proporcionadas, ajustadas a las situaciones concretas, para reducir el riesgo residual de fraude a un nivel aceptable.*

*e) Prever la existencia de medidas de detección ajustadas a las señales de alerta y definir el procedimiento para su aplicación efectiva.*

*f) Definir las medidas correctivas pertinentes cuando se detecta un caso sospechoso de fraude, con mecanismos claros de comunicación de las sospechas de fraude.*

*g) Establecer procesos adecuados para el seguimiento de los casos sospechosos de fraude y la correspondiente recuperación de los Fondos de la UE gastados fraudulentamente.*

*h) Definir procedimientos de seguimiento para revisar los procesos, procedimientos y controles relacionados con el fraude efectivo o potencial, que se transmiten a la correspondiente revisión de la evaluación del riesgo de fraude.*

*i) Específicamente, definir procedimientos relativos a la prevención y corrección de situaciones de conflictos de interés conforme a lo establecido en los apartados 1 y 2 del artículo 61 del Reglamento Financiero de la UE. En particular, deberá establecerse como obligatoria la suscripción de una DACI por quienes participen en los procedimientos de ejecución del PRTR, la comunicación al superior jerárquico de la existencia de cualquier potencial conflicto de intereses y la adopción por este de la decisión que, en cada caso, corresponda.*

#### **4. Redacción do proxecto do Plan de Medidas Antifraude da Xerencia Municipal de Urbanismo.**

Dende a Oficina de Servizos Centrais da Xerencia, á vista da autoavaliación previa realizada conforme ao recollido na Orde HFP/1030/2021, con independencia das avaliacións que de xeito periódico e programado se leven a cabo como control á aplicación do Plan aprobado, e con seguimento do disposto no Plan de Medidas Antifraude do Concello de Vigo, como entidade instrumental deste, elaborouse un proxecto inicial que reflexa a situación e medidas exixidas.

Tendo en conta a vinculación existente entre o organismo autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo e o ente matriz Concello de Vigo, con similar organigrama e normativa de aplicación en materia de contratación, subvencións, convenios ou persoal, o borrador do Plan de Medidas Antifraude redactado recolle remisións ao redactado e aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en data 11.03.2022

#### **5. Competencia.**

Por Resolución de Alcaldía de organización e estrutura da administración do Concello de Vigo e de delegación de competencias, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, núm 123 de data 27.06.2023, adscribiuse á Cuarta Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda o Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo.

Por Resolución do Presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 04.07.2023 (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, núm. 136 de data 14.07.2023) delegouse na Cuarta Tenente de Alcalde e Concelleira Delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda, entre as que se recolle a representación da XMU.

Do mesmo xeito, por Acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de data 04.07.2023 (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, núm. 136 de data 14.07.2023) procedeuse a delegación de competencias na Concelleira de Área de Urbanismo e Vivenda, recollendo entre as facultades conferidas:

“ ...

Servizos Centrais

XERENCIA MUNICIPAL DE  
URBANISMO

CONCELLO  
DE VIGO



Expte 16598/407

3.—A xestión, en colaboración co resto de departamentos do Concello de Vigo, das vivendas que son propiedade do Concello de Vigo. O impulso de medidas de acceso á vivenda a prezo taxado, análise do mercado da vivenda e a súa evolución. O establecemento e xestión de programas e actuacións que contribúan e prioricen a rehabilitación de vivendas e a rexeneración urbana, así como a mellora da eficiencia enerxética.

4.—A concesión de subvencións, tanto en réxime de concorrencia competitiva como no de concesión directa e, dentro destas, tanto aquelas en as que o procedemento termine coa resolución de concesión como as que se instrumenten a través dun convenio. A delegación comprende a aprobación da convocatoria nas subvencións en réxime de concorrencia competitiva; a aprobación da resolución ou convenio nas subvencións de concesión directa; a aprobación e compromiso do gasto; a comprobación da xustificación da subvención; a incoación, instrución e resolución do procedemento de reintegro; así como todos os demais actos do procedemento de xestión para os que a normativa reguladora esixa acordo ou resolución do órgano concedente da subvención, incluídos os relativos á resolución dos recursos de reposición que se interpoñan contra devanditos a actos.

...”

Por todo o exposto, propónse á Concelleira da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda, en virtude das competencias que lle atribúe a vixente lexislación de réxime local, a adopción da seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN.

**Primeiro.** – Aprobar o proxecto do Plan de Medidas Antifraude da Xerencia Municipal de Urbanismo para a execución do PRTR, que se incorpora como anexo á presente resolución.

**Segundo.** – Que a presente resolución e as medidas que por ela se aproban, son aplicables a todo o personal da Xerencia Municipal de Urbanismo, así como a provedores e contratistas que directa ou indirectamente teñan relación coas actuacións.

**Terceiro.**– Publicar o Plan de Medidas Antifraude da Xerencia Municipal de Urbanismo aprobado pola presente resolución na Intranet municipal e no Portal de Transparencia Municipal para a difusión no conxunto da organización municipal.”

/MCB

**RESOLVO** de conformidade coa proposta formulada.

Vigo, data sinatura electrónica  
María José Caride Estévez, Concelleira da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda

DOU FE, O Secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo